

O PODER DO CONSUMO

Con esta actividade traballamos

O noso papel como consumidores e consumidoras.

A relación entre accións concretas nosas e os ODS.

Reflexión lóxica e traballo en equipo.

Entender os ODS como unha realidade complexa e interconectada.

Todos os ODS salvo o 16.

Durará

Unha sesión

Necesitaremos

Infografía Como inflúen os nosos hábitos de consumo cotiáns nos ODS?

[Enlace](#)

Desenvolvemento

Dividir a clase en grupos tentando que sexan nove, un por icona. Presentar a infografía coa imaxe na que aparecen todas as iconas dos ODS. Explicalas, de xeito que todas as persoas teñan un mínimo coñecemento sobre cada unha delas.

Ir sinalando co rato cada unha das iconas dos comportamentos, de maneira que apareza o texto, pero sen picar.

En cada grupo, deben sacar relacións entre cada un dos comportamentos e os ODS, é dicir, cales ven influídos directamente polos nosos hábitos de consumo,

Poden sacar os que queiran, pero sempre teñen que ser capaces de explicar o que poñan.

Hai que reflexionar

Cando rematen, cada grupo debe explicar ao resto as relacións que atopou e apúntanse na lousa as achegas de todos eles.

Despois de cada grupo, pícase a icona correspondente na infografía, e coméntanse as similitudes e diferenzas.

Orientar as reflexións a través de preguntas como:

- Que vos pareceron as interaccións que atopastes? Tiñades idea de que isto fose así?
- Se miramos a infografía no seu conxunto, Eramos conscientes da relación que ten os nosos comportamentos coa consecución dos ODS?
- A non consecución dos ODS afecta en maior medida ás persoas máis pobres Por que? Isto demostranos que as nosas accións teñen relación cos ODS e teñen consecuencias para outras persoas no mundo?

Reflexionar agora sobre a pregunta que aparece abaixo na infografía: Que teñen en común todos estes hábitos de consumo e os ODS aos que se vinculan?

Deixar que comenten, para despois, picar no texto e ver a resposta.

- Somos conscientes do noso papel como consumidores e consumidoras?